



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Aprobación definitiva da Ordenanza de residuos e reguladora das condicións para o mantemento da salubridade e ornato públicos no Concello de Porto do Son

ANUNCIO

Ao abeiro do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza municipal de residuos e reguladora das condicións para o mantemento da salubridade e ornato públicos no Concello de Porto do Son, unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial, e que é do seguinte teor literal:

“ORDENANZA MUNICIPAL DE RESIDUOS E REGULADORA DAS CONDICIÓNS PARA O MANTEMENTO DA SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICOS NO CONCELLO DE PORTO DO SON

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.

A Unión Europea, mediante a aprobación da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de novembro de 2008, do 19 de novembro (“Directiva marco de residuos”), revisou e deulle unha nova orientación ás políticas comunitarias en materia de medio ambiente, coa finalidade última de facer compatible o crecemento económico coa axeitada protección do medio ambiente.

A Directiva marco de residuos foi transposta ao ordenamento xurídico español mediante a aprobación da recente Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados. A Disposición Transitoria 2ª desta norma establece a obriga de que as Entidades Locais, no prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei, aproben as ordenanzas locais reguladoras da xestión dos residuos xerados no seu termo municipal. Noutro caso, dispón o precepto, aplicaranse as normas que aproben as Comunidades Autónomas.

Doutro lado, a normativa municipal de residuos e protección do medio ambiente en vigor adoece dunha importante falla de adaptación á normativa medioambiental vixente, tanto estatal coma autonómica, imputable á prolongada vixencia da ordenanza aprobada no seu momento e ao xurdimento de novas realidades na materia de residuos.

2.

En íntima relación coa xestión de residuos atópase o mantemento dunha axeitadas condicións de salubridade e ornato no termo municipal, aspectos estes que son da tradicional competencia das Entidades Locais.

De xeito semellante ao comentado respecto da xestión dos residuos, o propio devir da realidade social propiciou a aparición de fenómenos novos, como pode ser o consumo masivo de bebidas nos espazos públicos, unidos a outras problemáticas preexistentes, como o vandalismo sobre o mobiliario urbano, ante os cales resulta preciso que as Entidades Locais articulen respostas unhas respostas axeitadas.

3.

Coa aprobación desta ordenanza preténdese, xa que logo, abordar de xeito completo e desde o propio ámbito municipal, dúas materias aparentemente dispares pero intimamente relacionadas, como son a xestión dos residuos xerados no concello e o mantemento das condicións de salubridade e ornato, establecendo para iso un sistema de normas reguladoras de dereitos e deberes e, tamén, de sancións para as infraccións deses deberes.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto.

Esta ordenanza ten por obxecto regular, no termo municipal de Porto do Son, a xestión dos residuos e as condicións para a promoción e mantemento da limpeza, salubridade e ornato das vías e espazos públicos e dos terreos, edificacións e instalacións de titularidade pública ou privada.

CAPÍTULO II. XESTIÓN DE RESIDUOS.

Sección 1ª. Disposicións xerais.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

1.- A presente ordenanza élle de aplicación aos residuos producidos, xestionados ou tratados no Concello de Porto do Son, agás os que se relacionan a continuación e aqueles outros que puidese establecer a lexislación:

a) As emisións á atmosfera e o dióxido de carbono capturado e transportado con fins de almacenamento xeolóxico e efectivamente almacenado en formacións xeolóxicas.

b) Os solos non contaminados excavados e outros materiais naturais excavados durante as actividades de construción, cando se utilicen con fins de construción no seu estado natural no lugar onde foron extraídos.

c) Os residuos radioactivos.

d) Os explosivos desclasificados.

e) As materias fecais, a palla e outro material natural, agrícola ou silvícola, non perigoso, utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras, en silvicultura ou na produción de enerxía a base de biomasa, mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde ou danen o medio ambiente.

2.- A ordenanza non lle será de aplicación aos residuos que se indican a continuación naqueles aspectos xa regulados por normas comunitarias ou nacionais que incorporen ao ordenamento español normas comunitarias:

a) As augas residuais.

b) Os subprodutos animais, agás cando se destinen á incineración, aos vertedoiros ou sexan utilizados nunha planta de biogás ou compostaxe.

c) Os cadáveres de animais que morresen de forma diferente ao sacrificio.

d) Os residuos resultantes da prospección, da extracción, do tratamento ou do almacenamento de recursos minerais, así como da explotación de canteiras.

Artigo 3.- Definicións.

Para os efectos desta ordenanza, e consonte ao previsto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, entenderase por:

a) Residuo: calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar.

b) Residuos domésticos: residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse residuos domésticos os similares aos anteriores xerados en servizos e industrias.

Inclúense nesta categoría os residuos xerados nos fogares de aparellos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e enseres así como os residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria. Tamén terán a consideración de residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.

c) Residuos comerciais: residuos xerados pola actividade propia do comercio, ao por maior ou ao por menor, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

d) Residuos industriais: residuos resultantes dos procesos de fabricación, de transformación, de utilización, de consumo, de limpeza ou de mantemento xerados pola actividade industrial, excluídas as emisións á atmosfera.

e) Residuo perigoso: residuo que presenta unha ou varias adas características perigosas enumeradas no anexo III da Lei 22/2011, do 28 de xullo, e aqueles que poida aprobar o Goberno, así como os recipientes e envases que os contivesen.

f) Biorresiduo: residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venta ao por menor, así como residuos comparables procedentes de plantas de procesado de alimentos.

g) Prevención: conxunto de medidas adoptadas na fase de concepción e deseño, de produción, de distribución e de consumo dunha substancia, material ou produto, para reducir:

1º. A cantidade de residuo, incluso mediante a reutilización dos produtos ou o alongamento da súa vida útil.

2º. Os impactos adversos sobre o medio ambiente e a saúde humana dos residuos xerados, incluíndo o aforro no uso de materiais ou enerxía.

3º. O contido de substancias nocivas en materiais e produtos.

h) Produtor de residuos: calquera persoa física ou xurídica cuxa actividade produza residuos (produtor inicial) ou calquera persoa que efectúe operacións de tratamento previo, de mestura ou de outro tipo, que ocasionen un cambio de natureza ou de composición deses residuos.

i) Posuidor de residuos: o produtor de residuos ou outra persoa física ou xurídica que estea en posesión de residuos.

k) Xestión de residuos: a recollida, o transporte e tratamento dos residuos, incluída a vixilancia destas operacións, así como o mantemento posterior ao peche dos vertedoiros, incluídas as actuacións realizadas en calidade de negociante ou axente.

l) Xestor de residuos: a persoa ou entidade, pública ou privada, rexistrada mediante autorización ou comunicación que realice calquera das operacións que compoñen a xestión dos residuos, sexa ou non o produtor dos mesmos.

m) Recollida: operación consistente no acopio de residuos, incluída a clasificación e almacenamento iniciais para o seu transporte a unha instalación de tratamento.

n) Tratamento: as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación.

Artigo 4.- Competencias municipais.

Correspóndelle ao Concello de Porto do Son:

a) Prestar, por si ou a través de calquera dos modos previstos na lexislación de réxime local, o servizo público de recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos e comerciais non perigosos producidos no seu termo municipal, sen prexuízo de que os produtores desta última clase de residuos poidan xestionalos por si mesmos.

b) Xestionar os residuos domésticos e comerciais non perigosos directamente ou mediante calquera outra forma de xestión prevista na lexislación sobre réxime local, de maneira independente ou mediante a asociación con outras Entidades Locais.

c) O exercicio das potestades de vixilancia e inspección, e da potestade sancionadora en materia de xestión de residuos.

d) A elaboración de programas e plans de prevención e xestión de residuos, de conformidade e en coordinación cos plans nacional e autonómico.

Sección 2ª.- Xestión de residuos.

Artigo 5.- Principios xerais e orde de prioridades na xestión dos residuos.

1.- O Concello de Porto do Son, no ámbito das súas competencias, promoverá e aplicará a seguinte orde de prioridades na xestión de residuos:

a) Prevención da produción de residuos.

b) Preparación para a reutilización de residuos.

c) Reciclaxe de residuos.

d) Outras medidas de valorización, incluída a enerxética.

e) Eliminación de residuos.

Non obstante, coa finalidade de acadar un mellor resultado medioambiental global en determinados fluxos de residuos poderá adoptar unha orde diferente, previa xustificación por un enfoque de ciclo de vida sobre os impactos da xeración e xestión deses residuos, e tendo en conta os criterios legalmente establecidos ao respecto.

2.- En coordinación coa Administración autonómica, o concello realizará as accións necesarias para:

a) Promover entre a cidadanía patróns de consumo responsables que favorezan a redución de residuos en orixe.

b) Acadar obxectivos concretos de redución da cantidade e nocividade dos residuos implantando medidas de fomento da produción limpa.

c) Acadar obxectivos concretos de valorización dos residuos a través da súa recollida selectiva, reutilización, reciclaxe e recuperación enerxética ou calquera outro procedemento dirixido ao aproveitamento dos recursos que conteñen.

d) Promover a implantación de instalacións e infraestruturas adecuadas para a xestión dos residuos.

e) Limitar a eliminación dos residuos aos non susceptibles de valorización.

f) Impedir a eliminación incontrolada dos residuos e promover a rexeneración dos espazos degradados.

g) Potenciar o uso de produtos procedentes da valorización de residuos.

h) Garantir o traslado de residuos en condicións seguras.

i) Impulsar o desenvolvemento de programas de formación ambiental, información, sensibilización e concienciación social que susciten a participación e colaboración activa da cidadanía, así como facilitar o diálogo cos axentes económicos e sociais, asociacións ecoloxistas e produtores e xestores, en xeral, en todo o ciclo de vida do residuo.

Artigo 6.- Obrigas dos produtores ou posuidores iniciais de residuos.

1.- Os produtores ou posuidores iniciais de residuos que deba xestionar o Concello de Porto do Son, co fin de garantir un tratamento adecuado dos residuos, están obrigados a entregarllos ao concello ou á entidade pública ou privada que preste o servizo público de recollida de residuos.

Así mesmo, deberán facilitarlle a información sobre os residuos que entreguen cando presenten características especiais que poidan producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación.

Para o caso de que se faga entrega a un terceiro dos residuos aos que se refire este apartado, os produtores ou posuidores iniciais de residuos responderán solidariamente co terceiro de calquera prexuízo que puidese derivarse e das sancións que puidesen imporse.

2.- Os produtores ou posuidores iniciais de residuos domésticos perigosos deberán entregarllos a entidade ou empresa habilitada para a súa recollida ou tratamento.

Artigo 7.- Exención de responsabilidade pola entrega de residuos.

A entrega dos residuos, nos termos regulados na presente ordenanza exime aos produtores e posuidores iniciais da súa responsabilidade.

Coa entrega, o concello adquirirá a propiedade dos residuos.

Artigo 8.- Clasificación dos residuos para a súa xestión.

1.- De acordo co sistema de recollida implantado no Concello de Porto do Son, e para a súa correcta xestión, os residuos deberán separarse en orixe nas seguintes fraccións:

a) Fracción envases: comprende a parte de fracción de residuos de orixe inorgánica composta por envases plásticos, latas, bricks e bolsas de plástico.

b) Papel e cartón: comprende o papel impreso, o cartón e os envases e embalaxes compostos por estes materiais. Non inclúe o papel de celulosa de uso sanitario.

c) Vidro: inclúe os residuos envases dese material, baleiros e sen tapas nin tapóns. Non inclúe os cristais planos, espellos ou cerámica.

d) Pilas: comprende as pilas eléctricas e baterías dos tipos A, AA e AAA, de botón e de prisma rectangular de uso doméstico.

e) Fracción resto: está integrada polos residuos que non incluídos nas outras fraccións.

Artigo 9.- Sistema de recollida de residuos.

1.- A recollida dos residuos que lle compete ao concello farase logo do seu depósito nos colectores correspondentes para cada unha das fraccións de residuos. Para estes efectos, o depósito efectuarase do xeito que se indica:

a) Fracción resto: colector de tapa verde.

b) Fracción envases: colector de tapa amarela.

c) Papel e cartón: colector azul ou con distintivo azul.

d) Vidro: colector verde.

e) Pilas e pequenas baterías: colectores específicos incorporados aos colectores de vidro.

2.- O Concello de Porto do Son habilitará espazos diferenciados para a recollida de residuos domésticos e, no seu caso comerciais, que deban ser xestionados de modo diferenciado pola súa perigosidade, para facilitar a súa reciclaxe ou para preparar os residuos para a súa reutilización.

3.- Os colectores instalaranse na vía ou espazo público, no número, volume e localización que determine o concello logo do informe dos servizos correspondentes.

Nas novas urbanizacións non se colocarán os colectores de recollida de lixo ata que non se acredite a obtención da acta de recepción da urbanización. Do mesmo xeito se procederá nos casos de substitución de edificacións no solo urbano consolidado que incrementen en máis dun 100% o número de ocupantes respecto das precedentes.

Nestes casos, e coa finalidade de prestar ás novas edificacións do servizo de recollida de lixo coa intensidade precisa, serán de conta dos propietarios os custos das obras precisas para a implantación do servizo.

4.- En supostos especiais, atendendo á configuración urbana dos núcleos ou ás características particulares das actividades que se desenvolvan, poderán establecerse sistemas de recollida mediante a colocación de colectores de uso particular para todas ou algunha das fraccións de residuos.

A colocación de colectores de uso particular require da previa autorización da administración, que determinará o seu número.

Tanto a colocación dos colectores como a súa reposición cando resulte preciso pola súa deterioración ou por outras circunstancias, e efectuarase con cargo aos usuarios.

Os colectores de uso particular situaranse no interior dos establecementos autorizados para o seu uso ata a súa posta a disposición para o servizo de recollida domiciliar de lixo no horario establecido ao efecto.

5.- Os grandes produtores de residuos, como os hoteis, grandes superficies comerciais ou mercados, deberán habilitar recintos para a colocación de colectores no interior da instalación de que se trate.

6.- Os establecementos públicos ou privados que produzan cantidades considerables de residuos sólidos poderán ser autorizados para o transporte, cos seus propios medios e empregando os recipientes que cumpran co disposto nesta ordenanza, aos puntos de transformación ou eliminación indicados polo concello ou polo xestor do servizo público de recollida de lixo.

Tamén poderá outorgarse esa autorización aos produtores de residuos que, con carácter excepcional, teñan que desprenderse de residuos en cantidades maiores ás habituais.

7.- O Concello de Porto do Son ou o xestor do servizo público de recollida de residuos realizará os labores de limpeza, conservación e mantemento dos colectores e dos seus elementos accesorios, nas condicións e coa periodicidade que se estableza. Exceptúanse deste suposto os colectores de uso particular, que deberán ser limpados, mantidos e conservados polos seus titulares.

Artigo 10.- Utilización dos colectores.

1.- Os residuos das fraccións “envases” e “resto” depositaranse nos colectores correspondentes en bolsas perfectamente pechadas e sen líquidos, con capacidade suficiente para permitir o seu peche e sen exceder o peso de 15 quilogramos.

O depósito dos residuos das fraccións “papel- cartón” e “vidro” e o das pilas farase sen bolsa, directamente nos colectores correspondentes. O papel e o cartón depositaranse pregados e, no caso do vidro, os envases estarán baleiros e sen tapas.

2.- O depósito de residuos correspondentes á fracción orgánica efectuarase entre as 20 horas e as 22 horas nos colectores máis próximos ao lugar de produción do lixo. Se estivesen cheos, utilizarase o colector máis próximo da mesma fracción, coa finalidade de evitar as verteduras.

Non se establece limitación horaria para o depósito de residuos procedentes da limpeza viaria nin para os correspondentes a envases, papel e cartón, vidro ou pilas.

3.- Os residuos de gran tamaño dobraranse ou partiranse antes do depósito para que ocupen o menor volume posible.

Os obxectos de vidro, louza, latas e, en xeral, aqueles susceptibles de danar ou ferir ao persoal que os manexe deberán depositarse de xeito que se evite a produción de tales danos.

Unha vez depositados os residuos, deberá pechase a tapa do colector co fin de evitar a dispersión dos residuos e a entrada de auga ou animais.

4.- Os colectores para a recollida de lixo deberán usarse de xeito adecuado á súa finalidade e coa debida dilixencia, respondendo dos danos que lles causen os autores destes.

Sección 3ª.- Residuos especiais.

Artigo 11.- Residuos voluminosos.

O Concello de Porto do Son efectuará, directamente ou a través de calquera das modalidades previstas na normativa de réxime local, a recollida de residuos voluminosos, sen prexuízo do seu depósito no punto limpo municipal.

Teñen a consideración de “voluminosos” os residuos que, provindo das actividades de reparación ou substitución doméstica de equipamentos, polo seu tamaño ou características morfolóxicas especiais, non poden ser retirados polo servizo de recollida convencional.

Artigo 12.- Residuos de obra.

Os residuos procedentes de obras deberán xestionarse mediante a súa entrega no punto limpo, coas condicións e límites que se establecen nos artigos 15 e 16 desta ordenanza, ou a un xestor autorizado.

Cando as obras xeren máis de medio metro cúbico de residuos será obrigatoria a instalación dun colector de obra.

A colocación de colectores desta natureza na vía ou espazo públicos require da previa obtención de licenza municipal e consonte ás indicacións da Policía Local. Unha vez instalado na vía ou espazo públicos, o colector deberá sinalizarse convenientemente a fin de facilitar a súa visibilidade.

Nos colectores de obra non poderán depositarse residuos líquidos ou susceptibles de licuarse que poidan producir lixiviación nos colectores ou na vía pública, materiais en combustión ou inflamables, explosivos ou residuos nocivos ou perigosos.

Artigo 13.- Residuos sanitarios e medicamentos.

1.- Os residuos sanitarios, entendendo por tales os xerados pola actividade desenvolvida en clínicas, hospitais, consultas, médicas, laboratorios de análise clínica, de investigación ou de saúde pública, centros de atención primaria e de planificación familiar, centros podolóxicos e máis os centros de veterinarios e de investigación animal, xestionaranse consonte á súa clasificación pola normativa sectorial.

2.- Os restos de medicamentos, os medicamentos caducados e os seus envases separaranse do fluxo de residuos convencional e depositaranse nos colectores especialmente habilitados nas farmacias.

Artigo 14.- Vehículos abandonados

Os vehículos abandonados que, de acordo coa normativa que lles é de aplicación, adquiran a condición de residuos, serán xestionados polo concello e os seus propietarios deberán sufragar os custos derivados das operacións necesarias para tal xestión, sen prexuízo das sancións que resulten procedentes.

Artigo 15.- Prohibicións.

Prohíbese expresamente:

- a) Abandonar, verter ou eliminar residuos en espazos públicos, marxes de ríos, calzadas, camiños, solares ou terreos.
- b) Abandonar, depositar ou verter residuos fóra dos colectores dispostos para a súa recollida.
- c) Situar vehículos ou outros elementos diante dos colectores que obstaculicen a recollida de lixo.
- d) Mover ou trasladar os colectores da súa localización ou manipular os elementos para a súa suxeición.
- e) Manipular, deteriorar ou danar os colectores ou as papeleiras instaladas para a recollida de residuos.
- f) Depositar os residuos sen telos separado previamente nas correspondentes fraccións ou facer o depósito en colectores inadecuados para a fracción da que se trate.
- g) Manipular os residuos logo do seu depósito nos colectores ou nos lugares habilitados para a súa recollida.
- h) Evacuar residuos sólidos ou pastosos á rede de sumidoiros ou de recollida de augas pluviais.
- i) Verter aceites, líquidos de motor, pinturas, disolventes, vernices, combustibles ou similares á rede de saneamento.
- j) Incinerar residuos, agás nas instalacións ou eventos autorizados.

Sección 4ª.- O punto limpo municipal.

Artigo 16.- Definición e finalidade.

O punto limpo municipal é unha instalación que ten por finalidade a recepción para a súa posterior entrega a un xestor rexistrado dos residuos domésticos e, no seu caso, comerciais, previamente seleccionados que pola súa natureza ou especiais características non poden ser obxecto da recollida domiciliaria.

Artigo 17.- Residuos admisibles.

1.- No punto limpo municipal admitiranse os residuos domésticos e, no seu caso, comerciais, que se relacionan a continuación:

a) Comúns: vidro, papel, cartón, envases lixeiros, metais, plásticos, incluídos os agrícolas ou pesqueiros, téxtiles e restos vexetais.

b) Voluminosos: electrodomésticos sen gas CFC, mobles e madeira, enseres domésticos e entullos de pequenas obras.

c) Tóxicos e perigosos: electrodomésticos con gas CFC ou gases nobres (frigoríficos e conxeladores), televisores, ordenadores, aceites, tanto vexetais como minerais, baterías, disolventes, pinturas e vernices, aerosois, radiografías, tubos fluorescentes e lámpadas e cartuchos de fotocopiadora e impresora.

2.- O punto limpo municipal non recibirá residuos sen clasificar nin aqueles outros residuos domésticos ou comerciais que deban ser entregados a entidade rexistrada para o seu tratamento. Tampouco serán admitidos os seguintes tipos de residuos:

a) Materia orgánica.

b) Residuos clínicos, biosanitarios ou infecciosos.

c) Residuos radioactivos.

d) Produtos procedentes de comisos.

e) Medicamentos ou os seus envases.

f) Pneumáticos.

g) Envases baleiros de volume superior a 25 litros que contivese residuos perigosos.

h) Animais mortos.

i) Outros produtos non enumerados na listaxe de residuos admisibles.

Artigo 18.- Presentación dos residuos no punto limpo.

1.- Os residuos a depositar no punto limpo deberán entregarse separados e axustándose ás seguintes normas para cada un dos tipos admisibles:

a) Papel e cartón: as caixas presentaranse abertas e comprimidas para reducir o seu volume.

b) Vidro e cristal: entregarase protexido de maneira tal que se evite a súa rotura.

c) Pilas: presentaranse clasificadas segundo a súa clase.

d) Entullos: entregaranse en sacos ou bolsas pechadas de peso non superior a 15 Kg.

e) Aceites vexetais e minerais, disolventes, pinturas e vernices: presentaranse en garrafas ou botellas de plástico perfectamente pechadas e separados segundo a súa natureza.

f) Plásticos agrícolas ou pesqueiros: virá libre de restos orgánicos e debidamente pregado para reducir o seu volume.

g) Poda e restos vexetais: os restos, no posible, virán segmentados en pezas de lonxitude non superior a un metro.

h) Electrodomésticos con gas CFC ou gases nobres (frigoríficos e conxeladores): deberán entregarse de xeito tal que se evite a rotura do circuíto de refrixeración.

i) Téxtiles: a roupa e retais presentaranse sen botóns nin cremalleiras.

2.- Os usuarios do punto limpo municipal non poderán depositar unha cantidade de residuos superior á que se detalla a continuación:

a) Vidro, papel, cartón, envases lixeiros, poda e restos vexetais, plásticos ordinarios e plásticos agrícolas ou pesqueiros: a cantidade equivalente á capacidade do colector de depósito.

b) Mobles e enseres domésticos: dous de cada clase ao ano.

c) Baterías de vehículos: dúas ao ano.

- d) Electrodomésticos con ou sen gas CFC: un de cada tipo ao ano.
- e) Têxtils: 50 Kg por ano.
- f) Entullos de pequenas obras domésticas: 40 Kg ao mes.
- g) Metais: 25 Kg por mes.
- h) Pinturas e vernices: 24 Kg ao ano.
- i) Aceites vexetais e minerais: 10 l de cada clase ao mes.
- k) Pilas e pequenas baterías: 10 Kg ao ano.
- l) Aerosois, radiografías, tubos fluorescentes e lámpadas e cartuchos de fotocopiadora e impresora: 15 unidades ao ano.

Artigo 19.- Funcionamento do punto limpo.

1.- As instalacións do punto limpo estarán abertas ao público no horario que se determine polo órgano municipal competente.

2.- Os usuarios do punto limpo, antes do seu depósito, deberán entregar a instancia cuberta que se describe no anexo 1 desta ordenanza na que se indicarán o tipo de residuos que se entreguen e a súa cantidade.

O persoal do punto limpo verificará que os residuos a depositar cumpren coas condicións previstas nesta ordenanza e, noutro caso, rexeitará a súa entrega.

3.- O punto limpo disporá dun rexistro de entrada para documentar tódolos depósitos de residuos e no que se consignarán os datos identificativos dos usuarios, o tipo de residuos e a súa cantidade e a data e hora na que se realiza a entrega.

Artigo 20.- Destino dos residuos.

O destino final dos residuos depositados no punto limpo municipal será o determinado pola normativa aplicable, en función da súa natureza e características. En calquera caso, os residuos perigosos entregaranse a un xestor de residuos para o seu tratamento.

Sección 5ª.- Actividade inspectora.

Artigo 21.- Vixilancia, inspección e control.

1.- Correspóndenlle ao Concello de Porto do Son, a través do departamento correspondente e da Policía Local, os labores de vixilancia, inspección e control nas materias reguladas nesta ordenanza, especialmente coa finalidade de verificar o cumprimento das obrigas de xestión de residuos atribuídas aos seus produtores ou posuidores iniciais.

Para o desenvolvemento destas funcións o concello poderá contar co apoio de entidades colaboradoras debidamente recoñecidas.

2.- Durante a práctica das inspeccións o persoal municipal poderá recabar a presentación da documentación acreditativa do cumprimento das obrigas establecidas na normativa aplicable.

3.- Os titulares das actividades obxecto de vixilancia ou inspección teñen a obriga de permitir o acceso, para o exercicio das súas funcións, ao persoal do concello debidamente identificado que leve a cabo esas tarefas, así como aos asesores técnicos que poidan acompañalos, e a prestarlles a colaboración necesaria para a realización de exames, controis, tomas de mostras e recollida de información e calquera outra operación parar o cumprimento das súas funcións.

CAPÍTULO III.- MANTEMENTO DAS CONDICIÓNS DE ORNATO E SALUBRIDADE.

Sección 1ª.- Das condicións de ornato e salubridade nas vías e espazos públicos.

Artigo 22.- Obrigas dos cidadáns para o mantemento do ornato na vía e espazo públicos.

1.- Todos os cidadáns, e en especial os titulares de actividades abertas ao público, teñen a obriga de adoptar as medidas necesarias para evitar o enlizado da vía pública.

2.- Os titulares de autorizacións e concesións para a ocupación do dominio público local ou para a realización de espectáculos de pública afluencia ou desenvolvemento de actividades na vía ou espazo públicos, están obrigados a manter nun adecuado estado de limpeza o espazo ocupado e o seu contorno inmediato.

No casos de espectáculos ou actos públicos, os organizadores deberán dispor a colocación de papeleiras ou colectores en número suficiente para o depósito dos residuos xerados, así como servizos sanitarios portátiles se o indica o concello.

3.- Os titulares de establecementos de venda directa ao público disporán de recipientes axeitados para o depósito dos residuos xerados polo consumo nos seus establecementos. Así mesmo, correspóndelles a limpeza dos residuos depositados na vía pública como consecuencia da actividade que desenvolven, dentro do contorno de influencia do establecemento.

4.- As persoas que realicen operacións de carga e descarga están obrigadas a limpar a vía ou espazo públicos que se enlaxaran como resultado deses traballos.

5.- Os conductores de vehículos nos que se transporten materiais susceptibles de verter ou espallarse pola vía pública deberán adoptar as medidas precisas para evitalo. De producirse algún tipo de vertedura ou caída deberán proceder á recollida do material e á limpeza da vía ou espazo públicos afectado.

6.- Os constructores de obras deberán adoptar as medidas necesarias para evitar o depósito de terra, area, grava ou similares na vía pública e manter en todo momento as condicións de limpeza da vía ou espazo públicos. Para este fin, de ser o caso, será preceptiva a utilización de colectores de obras.

Os titulares das licenzas de obra, construtores, promotores ou propietarios responderán solidariamente da falta de limpeza da vía pública como consecuencia das obras e da obriga de retirar os materiais vertidos.

Sección 2ª.- Do mantemento das condicións de salubridade e ornato nos inmobles.

Artigo 23.- Obrigas dos propietarios.

1.- Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán mantelos en condicións de salubridade e ornato público segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

O deber de conservación dos propietarios alcanza ata o límite que estableza a normativa urbanística aplicable.

2.- As urbanizacións, patios interiores, galerías comerciais, zonas verdes, solares e terreos de propiedade privada deberán ser limpados, desratizados, desinsectados e conservados e mantidos en bo estado polos seus propietarios.

3.- Os seus propietarios son responsables de manter nas debidas condicións de limpeza, seguridade, salubridade e ornato público as beirarrúas, patios interiores de quinteiro, patios de luces, galerías comerciais, rúas e zonas verdes de urbanizacións privadas, en especial cando sexan visibles desde a vía pública. Esta obriga esténdese ao mantemento nas mesmas condicións de chemineas, baixantes, canles, acometidas de saneamento, tellados, antenas e instalacións complementarias.

4.- Os propietarios, arrendatarios ou titulares doutros dereitos reais ou persoais sobre terreos forestais ou situados en zonas de influencia forestal teñen a obriga de mantelos limpos de maleza e desbrozados nos supostos e coas condicións establecidos na normativa forestal.

Sección 3ª.- Da actuación subsidiaria do concello.

Artigo 24.- Para o caso de incumprimento das obrigas reguladas nas seccións 1ª e 2ª deste capítulo, o concello poderá realizar subsidiariamente os traballos ao cargo daqueles, imputándolles o custo dos servizos prestados e sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

CAPÍTULO IV.- RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 25.- Principios xerais.

As sancións pola infracción das normas contidas nesta ordenanza aplicaranse de conformidade cos principios establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e segundo o disposto no Capítulo II do Título VII da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e no Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 26.- Responsables.

1.- Serán sancionados pola comisión das infraccións tipificadas nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas que as cometan, sen prexuízo, no seu caso, da esixencia doutras responsabilidades ás que houbese lugar.

2.- Cando o cumprimento das obrigas previstas nesta ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán solidariamente das infraccións e sancións que se lles impoñan, sen prexuízo das especialidades establecidas pola lexislación sectorial aplicable.

3.- En materia de residuos, a responsabilidade será solidaria, en todo caso, nos seguintes supostos:

a) cando o produtor, o posuidor inicial ou o xestor de residuos llos entregue a persoa física ou xurídica distinta das sinaladas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados;

b) cando sexan varios os responsables e non sexa posible determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción.

Artigo 27.- Infraccións.

Constitúen infraccións contra esta ordenanza os actos e as omisións que a contraveñan, sen prexuízo daquelas que poidan constituír infraccións tipificadas na lexislación sobre residuos.

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves, de acordo co establecido nos artigos seguintes.

Artigo 28.- Infraccións moi graves.

Son infraccións moi graves:

1.- Na materia de xestión de residuos:

a) O abandono, vertido ou eliminación incontrolada de residuos perigosos.

b) O abandono, vertido ou eliminación incontrolado de calquera outro tipo de residuos, sempre que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.

c) O incumprimento das obrigas derivadas das medidas provisionais contempladas no art. 53 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

d) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que como consecuencia diso se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.

2.- Na materia de mantemento das condicións de ornato e salubridade públicos e da convivencia cidadá:

a) A perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á salubridade ou ornato públicos.

b) O impedimento ou a grave e relevante obstrucción ao normal funcionamento dos servizos públicos de recollida domiciliaria de lixo e limpeza viaria.

c) Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dos servizos públicos de recollida domiciliaria de lixo e limpeza viaria.

Artigo 29.- Infraccións graves.

Son infraccións graves:

1.- Na materia de xestión de residuos:

a) O abandono, vertido ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.

b) A obstrucción á actividade de vixilancia, inspección e control do concello, así como o incumprimento das obrigas de colaboración co concello no exercicio das súas competencias nestas materias.

c) A mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración, sempre que como consecuencia diso non se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producise un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.

d) A comisión dalgunha das infraccións indicadas no apartado 2 de infraccións moi graves cando, pola súa escasa contía ou entidade, non merezan esta cualificación.

2.- Na materia de mantemento das condicións de salubridade e ornato públicos e convivencia cidadá:

a) A obstrucción ao normal funcionamento dos servizos públicos de recollida domiciliaria de lixo e limpeza viaria.

b) Os actos de deterioración de equipamentos ou elementos dos servizos públicos de recollida domiciliaria de lixo e limpeza viaria cando os fagan inservibles para ese servizo.

c) Os actos de deterioración dos elementos de mobiliario urbano cando os fagan inservibles para o uso.

Artigo 30.- Infraccións leves.**Son infraccións leves:**

1.- Con carácter xeral, a comisión dalgunha das infraccións indicadas nos apartados anteriores cando, pola súa escasas contía ou entidade, non merezan a cualificación de moi graves ou graves.

2.- Na materia de xestión de residuos:

a) O incumprimento da obriga establecida no artigo 6 desta ordenanza sobre a entrega de residuos ao concello.

b) O incumprimento das obrigas dispostas nos apartados 1º e 2º do artigo 10 relativas ás condicións de depósito de residuos nos colectores..

c) Realizar calquera das condutas prohibidas que se detallan no artigo 15 desta ordenanza.

3.- Na materia de de mantemento das condicións de salubridade e ornato públicos e convivencia cidadá:

a) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 23 desta ordenanza sobre o mantemento das condicións de limpeza e ornato na vía e espazo públicos.

Artigo 31.- Sancións.

1.- A comisión das infraccións moi graves tipificadas nesta ordenanza dará lugar á imposición das seguintes sancións:

a) Na materia de xestión de residuos:

1º. Multa desde 45.001 euros ata 1.750.000 euros, agás se se trata de residuos perigosos, caso no que a multa poderá ser desde 300.001 euros ata 1.750.000 euros.

2º. Nos supostos de infraccións tipificadas nas letras c) e d) do artigo 22.2 desta ordenanza, clausura temporal ou definitiva, total ou parcial, das instalacións ou aparatos, por un prazo máximo de 5 anos, salvagardándose nestes casos os dereitos dos traballadores de acordo co previsto na lexislación laboral.

b) Na materia de mantemento das condicións de salubridade e ornato públicos e convivencia cidadá: multa desde 1.501 euros ata 3.000 euros.

2.- A comisión das infraccións tipificadas como graves nesta ordenanza conlevará a imposición das seguintes sancións:

a) Na materia de xestión de residuos: multa desde 901 euros ata 45.000 euros, agás se se trata de residuos perigosos, caso no que a multa será desde 9.001 euros ata 300.000 euros.

b) Na materia de mantemento das condicións de salubridade e ornato públicos e convivencia cidadá: multa desde 751 euros ata 1.500 euros.

3.- A comisión das infraccións leves ás normas desta ordenanza en materia de residuos sancionaranse cunha multa de ata 900 euros. Para o caso de tratarse de residuos perigosos poderá ser de ata 9.000 euros.

As infraccións leves que se refiran a normas relativas ao mantemento das condicións de salubridade e ornato públicos sancionaranse con multa de 90 a 750 euros.

Artigo 32.- Criterios para a graduación das sancións.

Para a determinación das sancións tipificadas nesta ordenanza deberá gardarse a debida adecuación entre a sanción e o feito constitutivo da infracción, considerándose especialmente a súa repercusión, a súa transcendencia polo que respecta á saúde e seguridade das persoas e do medio ambiente ou bens protexidos por esta lei, as circunstancias do responsable, o seu grao de intencionalidade, participación e beneficio obtido, a reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme, así como a irreversibilidade dos danos ou deterioración producidos.

Artigo 33.- Procedemento sancionador.

1.- As sancións previstas neste tipificadas nesta ordenanza imporanse mediante resolución motivada, previa a instrución do correspondente expediente e de acordo co previsto no Título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e no R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

En materia de residuos atenderase ás especialidades previstas na lexislación sobre residuos e solos contaminados e demais normativa de aplicación.

2.- O órgano competente para a imposición de sancións é a Alcaldía, sen prexuízo da delegación de competencias que legalmente puidese efectuar.

Artigo 34.- Prescrición das infraccións e sancións.

A prescrición das infraccións e sancións en materia de residuos rexeráse polo establecido na súa normativa reguladora, séndolle aplicable ás restantes infraccións e sancións o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 35- Reparación dos danos causados polo abandono, vertido ou eliminación de residuos.

1.- Os infractores ás normas desta ordenanza quedarán obrigados á reposición da situación alterada ao seu estado orixinario así como á indemnización dos danos e prexuízos causados aos bens de titularidade pública, que poderán ser determinados polo órgano competente. Neste caso, comunicaráse ao infractor para a súa satisfacción no prazo que se determine ao efecto.

2.- Se os infractores non procedesen á restauración ou indemnización, de acordo co previsto no apartado anterior, transcorrido o prazo outorgado ao efecto, o concello poderá acordar a execución subsidiaria ou a imposición de multas coercitivas de ata un terzo da multa imposta pola infracción cometida.

3.- A imposición de multas coercitivas esixirá que no requirimento se indique o prazo para o cumprimento da obriga e a contía da multa que pode ser imposta. En calquera caso, o prazo deberá ser suficiente para o cumprimento da obriga. Para o caso de que, imposta a multa coercitiva se manteña o incumprimento que a motivou, poderá reiterarse por lapsos de tempo suficientes para cumprir co ordenado.

Disposición final.

1.- Facúltase á Alcaldía do Concello de Porto do Son para ditar cantas instrucións resulten precisas para a correcta interpretación e aplicación desta ordenanza.

2.- A entrada en vigor desta ordenanza producirase logo do transcurso de 15 días desde a publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co previsto nesta ordenanza.

ANEXO 1

Instancia para a entrega de residuos no Punto Limpo Municipal.

Interesado				
NIF/ CIF		Nome e apelidos/ razón social		
Enderezo para notificacións			Núm.	Andar
Enderezo para notificacións			Núm.	Andar
Enderezo para notificacións			Núm.	Andar
CP	Municipio	Provincia		Teléfono
Representante				
NIF/ CIF		Nome e apelidos		
Enderezo para notificacións			Núm.	Andar
Enderezo para notificacións			Núm.	Andar
CP	Municipio	Provincia		Teléfono
SOLICITO: A recepción no Punto Limpo Municipal dos residuos que se indican a continuación: - Tipo: - Cantidade:				
Porto do Son, de de 20..				
Asdo. O interesado.			Asdo. O representante.	
Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON				
Consonte ao establecido na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Porto do Son. Poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do concello.				

Contra o presente acordo poderá interporse polos interesados recurso contencioso- administrativo perante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Porto do Son, 31 de xaneiro de 2013.
 O Alcalde- Presidente,
 Asdo. José Luis Oujo Pouso

2013/1622